



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/07/2010 12  
Nº Rexistro: 42994  
Data envío: 28/07/2010 12:32:49.753

## Á Mesa do Parlamento

**Carlos Aymerich Cano, Bieito Lobeira Dominguez, Ana Luisa Bouza Santiago e Isabel Sánchez Montenegro**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa ao anuncio da reclasificación como B de determinadas zonas da ría do Burgo clasificadas na actualidade como C.

Asistimos nos últimos días ao anuncio da Consellería do Mar da súa intención de abrir ao marisqueo primeiro unha e logo dúas zonas da ría do Burgo reclasificandoas de zona C a zona B.

Estos anuncios da Consellería teñen sido contestados pola Confraría da Coruña que considera que en absoluto se dan as circunstancias para este cambio de clasificación.

O motivo de que na actualidade o marisco da ría do Burgo non se poida comercializar é a contaminación da ría, situación que permanece sin cambios nos últimos anos e que en todo caso empeora co tempo. Non se teñen realizado obras de mellora do saneamento nin de eliminación de verquidos que permitan pensar que a situación se ten modificado.

O Goberno galego ten manifestado a súa impotencia na loita contra o furtivismo na ría, outro dos motivos que impide a reclasificación. Os estudos da evolución do tamaño dos bivalbos, en concreto da ameixa, reflexan que esta actividade ilegal non está a ser reducida polo sistema das macroredadas promovidas dende a Consellería



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do Mar, esquecendo a componente social de este problema no espazo concreto da ría do Burgo.

Os datos que utiliza a Consellería para facer esta proposta de cambio de clasificación son incompletos e sesgados. Utilizan unha serie de analíticas que están recollidas nun só punto da zona GAL 05/05 o que os fai pouco representativos da situación da zona. Ademais non se utiliza unha serie mensual de 12 meses de analíticas o que non garante o seu carácter non estacional.

O Grupo parlamentar do BNG considera unha irresponsabilidade a idea de modificar a clasificación de C a B das zonas GAL 05/05 e GAL 05/06 da ría do Burgo xa que non cambiaron os motivos que provocaron a súa clasificación como zona C, non se cumpre o criterio da erradicación do furtivismo e as analíticas utilizadas non teñen rigor abondo en cantidade e representatividade para ser garantía para o consumo e para a sostenibilidade do recurso.

Esta situación leva a este Grupo do BNG realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que se dan as condicións necesarias para reclasificar como B as zonas GAL 05/05 e GAL 05/06 con todas as garantías?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: Carlos Aymerich Cano  
Bieito Lobeira Domínguez  
Deputados do G.P. do BNG  
Ana Luisa Bouza Santiago  
Isabel Sánchez Montenegro  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 28/07/2010 12:31:29**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 28/07/2010 12:31:35**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 28/07/2010 12:31:40**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 28/07/2010 12:31:47**